A NARRATIVA DE FICCIÓN DESPOIS DA GUERRA:

Pervivencia da narrativa de preguerra (narrativa Nós) ben pola recuperación para as nosas letras de escritores do período de preguerra (Otero Pedrayo), ben pola utilización de modelos narrativos consagrados polo grupo Nós (Carvalho Calero). Esta liña narrativa mantense durante a década dos cincuenta.

1. O relato rural:
    a. O rural como desencadeante de procesos fabuladores de carácter parapsicolóxico, onírico ou fantástico: Castroviejo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro...
    b. Aproveitamento da técnica e temática do relato de transmisión oral: Silvio Santiago, Xosé María Álvarez Blázquez, Ánxel Fole...
    c. O rural como suxeito e obxecto; a súa problematización (épica rural): Neira Vilas.
2. O relato urbano.
    a. Incorporación do urbano desde unha perspectiva realista (épica urbana): Blanco Amor, Xohana Torres...
    b. O urbano como espazo simbólico: a Nova Narrativa.
3. O relato culturalista:
    a. Incorpora e reinterpreta mitos da literatura galega e alleas (Simbad, Merlín, personaxes biblícas, Perceval ...): Cunqueiro, Ferrín, Eduardo Moreiras...
4. O experimentalismo da Nova Narrativa Galega.
    a. Movemento experimentalista que pretende superar a narrativa anterior, ensaiando procedementos marcadamente renovadores que irían de Kafka ao Nouveau Roman, pasando por Joyce, Proust e a xeración perdida americana, e aplicados con frecuencia a unha relectura de fenómenos sociais a través dunha linguaxe fortemente simbólica.
    b. Innovacións e características:
        i. Maior incidencia sobre mundos urbanos.
        ii. Eliminación do heroe problemático.
        iii. Uso do contrapunto temporal e espacial.
        iv. Incorporación das achegas de ciencias como a psicanálise.
        v. Técnica do “ollo cinematográfico” na perspectiva do Nouveau Roman.
        vi. Uso do monólogo interior.
        vii. Creación de mundos absurdos e angustiantes.
        viii. Tratamento simbólico de temas socio-políticos e individuais.
    c. Autores: González Mourullo, Xohan Casal, Vázquez Diéguez, Suárez-Llanos, Méndez Ferrín, Xohana Torres, Carlos Casares, María Xosé Queizán, ...
5. De carácter realista:
    a. A historia inmediata como tema (a Guerra Civil, conflitos sociais, ...): Silvio Santiago, Fernández Ferreiro, ...
    b. O pasado máis distante para interpretar o presente: Blanco Amor ...
6. Outras tendencias.
    a. Ensaios para unha literatura de quiosque, iniciada nos anos 80, Fernández Ferreiro, Carlos Reigosa...
    b. Nos anos 90 diversificación de xéneros dentro do xénero narrativo:

novela negra, de terror, ficción científica...

c. Narrativa posmoderna: técnica fragmentaria: Xavier Queipo, Xelís de Toro, Xurxo Borrazás
d. Literatura infantil e xuvenil.

TEMÁTICA E TÉCNICAS

- A marxinación de sectores sociais, a "nación en marcha" ou a toma de conciencia colectiva, a emigración, opresión/explotación/dominio, a angustia existencial e a problemática psicolóxica individual, o desarraigo e o estrañamento no mundo urbano, o alleamento, a crise do mundo rural, o parapsicolóxico e paranormal, a metaliteratura, o fabuloso e exótico, o onírico, o mundo do cotidiano, a violencia do mundo infantil, a problemática do feminino, novelas de aprendizaxe...
- Grande importancia das técnicas do relato oral xunto coa incorporación e asimilación das técnicas do relato contemporáneo; a escrita simbólica e a recuperación de novos mitos ...
- Na prosa de ficción non se operou unha ruptura clara a partir de 1975. Habería que subliñar a consolidación de autores do período anterior, a maior importancia que vai adquirindo a novela sobre o relato, e o desenvolvemento de liñas narrativas iniciadas na década precedente, como é o caso da literatura infantil e xuvenil ou da literatura de quiosque. O impacto da cultura e contra-cultura urbana tórnase evidente nos escritores máis novos. Nos últimos anos do século XX danse importantes cambios, non só nos contidos da novela, senón tamén nas formas, na liña da posmodernidade.